

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA 29/03/2022  
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ARGIMIRO SERÉN MERA

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

LINO MOURIÑO SANTIAGO

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 29/03/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 21-mar-2022, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2022/0896**

Dáse conta do escrito presentado por Dona Juana Trinchete Tendero, solicitando autorización para instalar un inchable do 9 ao 17 de abril na Praza da II República.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma cunha cobertura mínima de 300.000 euros.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá cumprirse en todo momento a normativa COVID vixente.

### **PRP2022/0823**

Dáse conta do informe da Policía Local en relación a sinalización na Avda Nosa Señora dos

Anxos na intersección con rúa Fondo da Vila, sinalando que na intersección Rúa Fondo da Vila-Avda. Nosa Señora dos Anxos existe un espello para incorporarse que é insuficiente xa que a Avda. Nosa Señora dos Anxos é unha vía de dobre sentido donde solo o carril de baixada esa delimitado con liña amarela, polo que visto o citado informe a Xunta de Goberno Local acorda que o carril de subida sexa sinalizado tamen coa liña longitudinal amarela, así como a instalación no acceso a dita rúa na sinal R307 (prohibición da parada e o estacionamento).

#### **PRP2022/0931**

Dáse conta do informe da Policía Local en relación cun vertido de gasoil na vía pública na Avda. Rosalía de Castro, provocado pola rotura do depósito do combustible do camión matrícula 5916LJD, con semi remolque R774BDJ, ambos propiedade da empresa LOGISTICA FRIGORIFICA DEL NOROESTE SL, con sede en Rianxo-A Coruña, sendo conducido por D. Juan David Fuentes Vázquez.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/0932**

Dáse conta do escrito presentado por Don Alejandro Falcón Rey e/n Jemi Vilagarcía, solicitando autorización para celebrar o día 01 de abril de 2022, unha actuación musical contratada pola cafetería "As Moreiras" na Rúa Aquilino Iglesias Alvariño, en horario de 21.00 horas a 24:00 horas así como a colocación dun escenario de 3 metros de largo e 2 de fondo, que se levará a cabo polo Servizo Municipal de Obras.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo dar cumprimento ás seguintes condicións:

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Considerase que a actividade deberá contar cun seguro de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma cunha cobertura mínima de 300.000 euros.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá terse en conta que a instalación non deberá impedir o uso de mobiliario urbano nin o paso de peóns.

#### **PRP2022/0933**

Dáse conta do escrito presentado por Gesenco Gestión en Comunidades, S.L. en relación a varias queixas de veciños das seguintes zonas de Vilagarcía:

Moreira Casal 4

Rodrigo de Mendoza 26

Rey Daviña 12

Fariña Ferreño 26

Dr. Tourón 13

Estación 5-6

Por problemas na recepción de canales de televisión de A3 media, procedente dunha avería no

repetidor de Xiabre.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir as queixas a Telecom España e á Delegación do Goberno en Galicia, coa finalidade de que se restablezca a recepción dos canais de televisión citados, nas comunidades de propietarios que se indican.

#### **PRP2022/0934**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por GAL SUR Proyectos y Obras SLU para contratación da prestación do servizo por horas de distintos vehículos e maquinaria para o desenvolvemento dos traballos do Servizo de Mellora Rural durante o ano 2022 (10 meses), por un importe estimado de 17.318,13€ (IVE incluído), con cargo á partida 454.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/0935**

Dáse conta do anuncio no BOP de Pontevedra de data 23 de marzo de 2022, da aprobación definitiva por expediente de modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por prestación de servizos de Boletín Oficial da Provincia. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/0936**

Dáse conta de escrito do Instituto Nacional de Estatística comunicando a proposta de cifra de poboación do Padrón Municipal de Habitantes a 1 de xaneiro de 2022, resultando para este municipio 37.677 habitantes.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/0937**

Dáse conta da remisión do acordo da comisión permanente do Consello de Empadronamento en relación co empadronamento de refuxiados ucranianos e modelo de declaración responsable. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/0940**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Monconsa OHS, S.A. para a substitución de tubaxe de saneamento en Avda. das Carolinas á altura do nº82, por un importe total de 9.395,65€ (IVE incluído), con cargo á partida 161.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/0946**

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Automoción La Junquera para reparación do vehículo matrícula 5479-GJC, por un importe total de 1.046,94€ (IVE incluído), con cargo á partida 453-214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal

#### PRP2022/0949

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Gasocentro Caldas, S.L. para o subministro de gasóleo de calefacción para o Colexio de Educación Especial, por un importe total de 5.120,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 320.22103. (4.000l. a 1,28€/l)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### PRP2022/0950

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Gasocentro Caldas, S.L. para o subministro de gasóleo de calefacción para o Colexio Vagalume, por un importe total de 1.280,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 320.22103. (1.000l. a 1,28€/l)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### RECURSOS HUMANOS

#### PRP2022/0938

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia a sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 28 de febreiro de 2022, por un importe total de 6.450,00€ e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións Plenos e XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	Nº sesións Comisións informativas	DIETAS COMISIÓNS INFORMATIVAS	TOTAL EUROS
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00
Dª LUZ Mª ABALO PEREZ	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00
Dª MATILDE LAYA LORENZO	5	x 130,00 €	2	x 110,00 €	870,00
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 130,00 €	2	x 110,00 €	350,00
TOTAL					6.450,00

### **PRP2022/0939**

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 8.100,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 28 de febreiro de 2022, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 3.900,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 1.800,00€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, por un importe total de 600,00 €.
- Grupo Municipal de Marea da Vila, por un importe total de 600,00 €
- Grupo Municipal de Ciudadanos, por un importe total de 600,00 €

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2022/0890**

Vista a proposta dos Servizos Sociais, o Informe da Intervención Municipal no que se indica que, dadas as características das persoas usuarias do servizo é oportuno contratar o servizo de podoloxía como actuación complementaria ao Servizo de Axuda no Fogar durante o ano 2022.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que foron solicitados orzamentos a 11 profesionais, obtendo unicamente resposta de dous, acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Montserrat Borrageiros Mariño para a prestación do Servizo de Podoloxía para as persoas beneficiarias e usuarias do Servizo de Axuda no Fogar durante o ano 2022, por un importe total de 15.000,00 €, con cargo á partida 231.22799 (480 sesións anuais).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2022/0891**

Vista a proposta dos Servizos Sociais, o Informe da Intervención Municipal no que se indica que, dadas as características das persoas usuarias do servizo é oportuno contratar o servizo de fisioterapia como actuación complementaria do Servizo de Axuda no Fogar durante o ano 2022.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que foron solicitados orzamentos a 12 profesionais, sen obter resposta positiva, acorda aprobar o orzamento presentado por Dona Katia Maria Bonvehi San Martín, para prestación do servizo de fisioterapia para a anualidade 2022 para as persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, como actuación complementaria (442 sesións anuais), por un importe total de 15.000,00 € (IVE exento), con cargo á partida 231.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **EMPREGO**

#### **PRP2022/0901**

Dáse conta da Orde do 21 de febreiro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras, así

como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2022, das axudas e subvencións para obradoiros duais de emprego, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia concibidos como programa de formación, práctica profesional para incentivos á contratación temporal en empresas, respectando, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade (TR353A).

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aprobar o Proxecto de Obradoiro de Emprego OE FORME 2022 baseado na realización das seguintes obras de utilidade colectiva:

- Elaboración e mantemento de mobiliario para a revalorización dos espazos públicos naturais e urbáns en instalacións e edificios de titularidade municipal.
- Realización e acondicionamento de equipamentos e infraestructuras de albanelería en edificios e espazos de titularidade municipal.

Para a realización destas obras o número de persoas participantes será de 20 distribuídas nos módulos antes mencionados:

-Traballos e instalacións de elementos de carpintería e moble: Certificados de profesionalidade NIVEL 1 MAMD0209 E NIVEL 2 MAMS0108 e módulo profesional de lacados e barnizados MF0167\_1

- Fábricas de albanelería e operacións auxiliares de revestimentos e acabados: Certificado de profesionalidade NIVEL 1 EOCB0109, NIVEL 1 EOCB0209 E NIVEL 2 EOCB0108.

2º. Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da subvención correspondente de 503.465,20€, distribuída do seguinte xeito:

MÓDULO A	MÓDULO B	SALARIOS ALUMNOS/AS-TRAB	SEGURIDADE SOCIAL ALUMNOS/AS-TRAB	TOTAL
150.144 €	42.240 €	280.000,80€	31.808,40 €	503.465,20€

3º. A aprobación da dotación orzamentaria, de TRINTA MIL EUROS (30.000€) para o financiamento municipal dos custos non subvencionados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, con cargo ao orzamento municipal do Concello.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **EDUCACIÓN**

#### **PRP2022/0887**

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música:

Que a XGL na sesión do 14/03/2022 acordou autorizar a proposta de gasto de afinación do Piano de cola Yamaha C7 do Auditorio Municipal ao Sr. D. Tigrán Poghosyan e polo importe total de 193,60 € ( 160 € + 33,60 € do IVE), e .para o Concerto que a Orquestra Sinfónica de Galicia tiña previsto ofrecer o pasado 19/03/2022.

Debido a imposibilidade de garantir o transporte do instrumental da Orquestra ata Vilagarcía o pasado día 19 de marzo por mor da folga do transporte, dito concerto foi aprazado ata o vindeiro 11 de novembro de 2022, sen que ata o de agora se coñeza o programa do mesmo e as necesidades de afinación do Piano de cola do Auditorio.

Tan pronto tivemos coñecemento da anulación deste concerto, contactamos co Sr. D. Tigrán Poghosyan para anular a afinación prevista do día 19 de marzo .

Compre proceder, por tanto, á anulación da retención do gasto correspondente a dita afinación polo importe de 160 € + 21% de IVA = 193,60 €

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar, a anulación da proposta de gasto da revisión do piano de cola Yamaha C7 para o Concerto que a Orquestra Sinfónica de Galicia tiña previsto ofrecer o pasado sábado 19 de marzo, e a realizar polo técnico Sr. D. Tigrán Poghosyan polo importe total de 193,60 € ( 160 € + 33,60 € do IVE) con cargo á partida 3261-22799, xa que o Concerto non se realizou e queda aprazado ata o vindeiro 11 de novembro.

### **PRP2022/0888**

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar, se procede, a proposta da oferta pública de prazas para o curso 2022-2023, seguinte:

ESPECIALIDADE	G. ELEMENTAL	G. PROFESIONAL	TOTAL
CLARINETE	-	1	1
FRAUTA	4	2	6
GAITA	-	1	1
GUIARRA	1	1	2
PERCUSION	-	1	1
PIANO	3	3	6
SAXOFÓN	1	1	2
TROMBÓN	1	1	2
TROMPA	-	1	1
TROMPETA	1	1	2
VIOLIN	4	2	6
VIOLONCHELO	1	2	3
TOTAL	15	16	31

Segundo: Aprobar o calendario de matriculación seguinte:

Do luns 25 ao xoves 28 de abril de 2022: matrícula nas probas de acceso para o curso 2022-2023.

Do martes 24 ao xoves 26 de xuño de 2022: matrícula para o alumnado actualmente matriculado no centro para o curso 2022-2023.

Do mércores 1 ao venres 3 de xuño ( presencialmente só en horario de mañá): matrícula para o alumnado que ten superado as probas de acceso de xuño 2022 para o curso 2022-2023.

A matriculación do alumnado realizarase preferiblemente online, aínda que aquelas familias que teñan dificultades en realizala deste xeito poderán acudir á Secretaría do centro para a súa formalización.

Terceiro: Autorizar á Dirección do centro para:

a) Publicación da oferta pública de prazas e o calendario de matriculación anteriormente sinalados así como a adopción das medidas organizativas precisas e necesarias para poder levar

a cabo a matriculación do alumnado do vindeiro curso 2022-2023.

b) Modificación da oferta pública de prazas e do calendario de matriculación, no suposto de ser urxente e necesario, informando á XGL e mantendo en calquera caso os límites actuais de contratación do profesorado.

#### **PRP2022/0897**

Dáse conta do seguinte informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música:

Que segundo comunicación recibida polos Concelleiros de Educación e Servizos Sociais deste Concello, compre proceder á solicitar a DESISTENCIA da subvención solicitada perante a Deputación Provincial de Pontevedra para os GASTOS DE LIMPEZA E ASEO E ENERXÍA ELÉCTRICA DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA por un importe de 18.181,00 € e un orzamento de 19.000,00 € ao abeiro da Liña 2. Gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2022-23)

Na Contabilidade Municipal figura creado o Proxecto 2022-3-POS 22-1 correspondente a esta subvención solicitada e concedida.

Polo que a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a DESISTENCIA desta subvención ao tempo que se adopten as medidas oportunas para dotar economicamente ó orzamento do Conservatorio Profesional de Música do importe de 18.181,00 €, correspondente a esta subvención da que desistimos neste intre.

#### **PRP2022/0941**

Dáse conta do informe do Director da Escola de Música en relación coa xustificación ante a Deputación Provincial da subvención concedida ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021 - Liña 2 (Gasto Corrente Novo, por importe de 9.500,00 € para limpeza da Escola Municipal de Música, ascendendo os gastos totais a 14.078,70€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar a xustificación da citada subvención.

#### **PRP2022/0942**

Vista a proposta da Concellería de Benestar e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Empresa Pereira SL polo servizo de autocar para traslado, de alumnos de 3º de Educación Primaria dos centros educativos de Vilagarcía de Arousa, a proxección da película de animación "Valentina", o vindeiro 20 de abril de 2022 na Sala Principal do Auditorio Municipal, por un importe total de 440,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 320-223.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **SANIDADE**

#### **PRP2022/0895**

Dáse conta da solicitude de D. Javier de la Maza del Moral de transmisión ao seu favor da licenza municipal de taxi nº 5 da que é titular D. José Luis Tuñez de la Torre

Visto o informe favorable emitido polo Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial de Pontevedra



da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a transmisión solicitada.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **MEDIO AMBIENTE**

#### **PRP2022/0875**

Dáse conta de escrito remitido pola Empresa Espina & Delfin SL comunicando que o día 23 de febreiro se detectou a entrada de auga residual moi escura (similar a hidrocarburo ou tinta) no pretratamento da EDAR.

Indican así mesmo que xa foron detectados verquidos de características similares nestas mesmas datas en anos anteriores, co cal entenden que se pode tratar dunha operación de limpeza programada de algunha industria, descoñecendo a súa orixe, composición e cantidades verquidas, así como as consecuencias que pode ter sobre o funcionamento da EDAR.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/0880**

Dáse conta de escrito da Empresa Espina & Delfin SL dando conta das renovacións e melloras na rede de abastecemento e actuacións de relevancia na EDAR de Vilagarcía de Arousa levadas a cabo no ano 2021.

- O custo total das obras de mellora na rede de abastecemento acadan os 10.925,72 € (sen IVE)
- O custo total das actuacións complementarias levada a cabo na EDAR no ano 2021 é de 13.890,01 € (sen IVE).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2022/0927**

Por acordo de Xunta de Goberno Local do 27 de decembro de 2021 recoñeceuse a obriga a favor de CMVMC TRABANCA SARDIÑEIRA con CIF V-36103125 en concepto de axuda municipais a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra incendios e protección dos montes 2021.

Tal como se recollía , a posibilidade do endoso mediante o contrato de cesión de dereitos de cobro na base 10 da convocatoria das axudas ,a CMVMC TRABANCA SARDIÑEIRA acolleuse a tal dereito a favor de SERVICIOS FORESTALES ARIZAGA SL con CIF B-36291052 .

Sendo feito por parte do Concello un pago directo a comunidade de montes de Trabanca Sardiñeira por erro, e sendo feito o reintegro no Concello o 8 de febreiro de 2022, por dita comunidade de montes,por importe de 8.127,86€.

A Xunta de Goberno Local acorda o o pago por cesión de dereitos de cobro a favor de SERVICIOS FORESTALES ARIZAGA SL en nome da comunidade de montes de TRABANCA SARDIÑEIRA polo importe reintegrado que ascende a 8.127,86€, con cargo á partida 170.489.

#### **PRP2022/0944**

Dáse conta da publicación no DOG de 23 de marzo de 2022 de anuncio do 9 de marzo de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se da publicidade da resolución pola que se outorga autorización ambiental integrada á Sociedade Galega do Medio Ambiente SA (Sogama) para o proxecto de planta de compostaxe, localizada no parque empresarial de Baión I (Vilanova de Arousa I), Concello de Vilanova de Arousa

(Pontevedra), expediente 2021-IPPC-I-38).  
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2022/0969**

Dáse conta da proposta presentada por Ecoembes con data de 2 de febreiro de 2022, pola que se presenta proposta de convenio de Colaboración entre Ecoembes e o Concello de Vilagarcía de Arousa consistente na mellora da contenerización da recollida selectiva, en concreto no incremento a dotación de colectores.

Os compromisos das partes son os seguintes:

Ecoembes comprométese á asumir o custo derivado da adquisición de colectores para a recollida selectiva de papel e cartón ata un importe de 15.800 euros (IVE non incluído).

O Concello, pola súa parte, comprométese á adquisición e colocación deses colectores no prazo de SEIS MESES dende a sinatura do convenio. De superarse ese prazo Ecoembes non procederá ao pagamento mencionado no punto anterior.

Así mesmo deberá manter actualizado o inventario dos colectores sitios en vía pública e garantir a prestación do servizo de recollida.

No convenio tamén se recolle a posibilidade de que para a compra dos colectores o Concello poda designar a unha empresa que se encargará tanto das xestións necesarias para a compra como para o pagamento.

A sinatura deste Convenio non lle supón ao Concello ningún gasto.

Por todo o ata aquí referido, a Xunta de Goberno Local acorda:

A sinatura do referido convenio e a designación da empresa COREGAL-COGAMI RECICLADO DE GALICIA S.L. para a compra dos colectores.

## **MULLER E PERSOAS MAIORES**

### **PRP2022/0923**

Dase conta da Resolución da Secretaria Xeral de Igualdade de data do 18 de marzo de 2022 pola que resolve conceder ao Concello de Vilagarcía de Arousa a subvención solicitada destinada ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas para o ano 2022 (procedemento SI461A-2022-10000023-00)

A contía da subvención que se concede é destinada a contratación a xornada completa durante 12 meses de 4 mulleres por importe de 73.195,68 o equivalente necesario para sufragar durante o período de contratación, as retribucións salariais brutas totais, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social, na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo ou normativa laboral vixente no momento de formular a solicitude e acorde coa súa categoría profesional.

**SUBVENCIÓN CONCEDIDA E APORTACIÓN CONCELLO**

**CONSERXES/SUBALTERNOS E XARDIÑEIRAS EN XERAL**

**GRUPO V (AP)**

**Nivel de complemento (CD) 7**

**Ocupación d) 32,75%**

Salario Base	Complemento/C D	Incentivo	Rateo extra	paga	Rateo incentivo	PE	Indemn. cese	Total Retribucións	SS Empresa	Custo total
612,59€	202,75€	162,38€	135,89€		27,06€		32,59€	1173,26€	384,24€	1.557,5€

TRABALLADORAS	CUSTO SUBVENCIONABLE/TRABALLADORA	TOTAL MENSUAL	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (4 traballadoras/12 meses) xornada completa
---------------	-----------------------------------	---------------	--

4	1.524,91	73.195,68
---	----------	-----------

TRABALLADORAS	Indemniz. Cese mensual/traballadora	TOTAL APORTACIÓN CONCELLO
4	32,59€	1.564,32€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda iniciar o proceso de selección das traballadoras, tal e como refire a Resolución da Secretaría Xeral de Igualdade e comunicar a aceptación da subvención concedida.

## CONTRATACIÓN

### PRP2022/0876

Dáse conta da proposta do Concelleiro de Servizos e Relacións Veciñais para o aboamento da taxa correspondente á solicitude de autorización de obras para "Mellora de camiño na rúa Maceiras":

Solicitada autorización para as obras de mellora e ampliación de Camiño no lugar de Maceiras-Aralde, parroquia de sobrán financiadas con cargo ao Plan de Mellora de camiños municipais 2022-2023 convocada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

En data 16/03/2022 (R.E. 2022003495) a Dirección de Augas de Galicia achéga un requirimento de documentación, así como os datos para autoliquidación das Taxas correspondentes á tramitación do procedemento de referencia por un importe total de 137,30 € de acordo co fixado na vixente Lei de Orzamentos da Comunidade de Galicia, e co detalle seguinte:

CODIGO DESCRICIÓN IMPORTE

31.30.04 Construción en zona de policía 47,87 €

31.35.02 Fase de informe con saída a campo 89,43 €

TOTAL 137,30€

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda

1. Acordar o aboamento das taxas por importe total de 137,30 € con cargo á partida 161-22501, correspondentes á tramitación da solicitude de autorización de obras para mellora e ampliación de camiño no lugar de Maceiras-Aralde parroquia de Sobrán (Martíño de Fóra), ao servizo de Augas de Galicia, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Delegación de Vigo.

### PRP2022/0884

Dáse conta do expediente de contratación CT 95/2021 tramitado mediante Procedemento Aberto e tramitación ordinaria, mediante licitación electrónica, para adxudicar o "Subministro e instalación de 11 estacións e 79 bicicletas para o sistema de transporte público de VAIBIKE", INCLUÍDO NA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE INTEGRADO ( EDUSI) "VILAGARCÍA AVANZA", DENTRO DO OBXECTIVO TÊMÁTICO "OT4: FAVORECER O PASO A UNHA ECONOMÍA DE BAIXO NIVEL DE EMISIÓN DE CARBONO EN TODOS OS SECTORES", E DENTRO DESE OBXECTIVO TEMÁTICO NO OBXECTIVO ESPECÍFICO OE.4.5.1 E A SÚA OPERACIÓN " VLG\_A\_10\_ MOVPECI: MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E CICLISTA", COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020, cun orzamento de licitación de 178.505,25 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

- Instituto Tecnolóxico de Castilla y León.
- HELBIZ OPERATION SPAIN SL

Dáse conta de que o licitador HELBIZ OPERATION SPAIN, S.L. incluíu no sobre 2 (criterios de adjudicación baseados en xuízos de valor) a oferta económica en lugar da oferta técnica, polo que a Mesa de Contratación acordou a súa exclusión da licitación.

Dáse conta do informe de valoración emitido polo xefe do servizo de mantementos municipais, o cal valorou a proposición técnica do licitador Instituto Tecnolóxico de Castilla y León de acordo aos criterios do PCAP segundo o cal a oferta cumpre coas especificacións establecidas nos pregos que rexen a licitación e de acordo co informado, outórgase a seguinte puntuación para a oferta do licitador Instituto Tecnolóxico de Castela e León (ITCL):

B.1.- Características técnicas da bicicletas convencionais : 5 puntos

B.2.- Características técnicas das handbike: 3 puntos

B.3.- Características técnicas das estacións. 5 puntos

B.4.- Plan de operación e mantemento dos subministros e sistemas: 3 puntos

B.5.- Plan de traballo: 0,50 puntos

Total puntuación oferta técnica: 16,50 puntos.”

Polo anteriormente indicado, a oferta técnica do licitador con NIF: G09226606 Instituto Tecnolóxico de Castela e León, é valorada con 16,5 puntos.

Unha vez aplicados os criterios de valoración e adjudicación contemplados no PCAP , a valoración da oferta do licitador Instituto Tecnolóxico de Castilla y León é a seguinte:

LICITADOR	Oferta económica Sen IVE	Puntos: oferta económica	Puntos: Provisión de cadeiras porta bebés para bicicletas (nenos de entre 9 meses y 5 anos) en 11 das 75 bicicletas convencionais	Puntos: Garantía adicional de 6 meses por encima do mínimo esixido de 24 meses	Puntos: Rapidez de resposta ante subministro de repostos durante o período de garantía	Puntos: Subministro de ata 5 bicicletas con pedaleo asistido
Instituto Tecnolóxico de Castilla y León	145.000,00 €	40	5	5	0,42	0

Realizados os cálculos oportunos, compróbase que a oferta do licitador non está incursa en valores anormais ou desproporcionados.

De acordo á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores:

Orde: 1NIF: G09226606 Instituto Tecnolóxico de Castela e León: Proposto para a adjudicación.

Total criterios CJV: 16.5

Total criterios CAF: 50.42

Total puntuación: 66.92

Orde: 2NIF: B88317268 HELBIZ OPERATION SPAIN, S.L. ( excluído)

Total criterios CJV: 0

Total criterios CAF:

Total puntuación: 0

Á vista do que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda a adjudicación do contrato de subministro denominado “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE 11 ESTACIÓN E 79 BICICLETAS PARA O SISTEMA DE TRANSPORTE PÚBLICO DE BICICLETAS VAIBIKE”, INCLuíDO NA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE INTEGRADO ( EDUSI) “VILAGARCÍA AVANZA”, DENTRO DO OBXECTIVO TÊMÁTICO “OT4: FAVORECER O PASO A UNHA ECONOMÍA DE BAIXO NIVEL DE EMISIÓN DE CARBONO EN TODOS OS SECTORES”, E DENTRO DESE OBXECTIVO TEMÁTICO NO OBXECTIVO ESPECÍFICO OE.4.5.1 E A SÚA OPERACIÓN “ VLG\_A\_10\_ MOVPECI: MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E CICLISTA”, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO

MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020 , á empresa con CIF: G09226606 Instituto Tecnológico de Castilla y León, de conformidade coa súa oferta.

- Prezo ofertado: 145.000,00 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 30.450,00 €, o que totaliza un importe de 175.450,00 € (IVE incluído)

- Melloras:

- 1) Garantía adicional: 6 meses
- 2) Rapidez de resposta: 24 horas
- 3) Bicicletas eléctricas (con pedaleo asistido): 0
- 4) Provisión de cadeira porta bebés para bicicletas: 11 uds

### **PRP2022/0889**

Dáse conta do recurso de reposición presentado, con data 10/03/2022, por Dona Alia Piñeiro Fernández e/r Degalle Construcciones, S.A., contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/01/2022, polo que se acorda incautar parcialmente a garantía depositada mediante aval bancario para responder da execución da obra denominada “SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DO PAVILLÓN DE FAXILDE” (Expte.: CT 72/2018-e) para responder dos danos ocasionados no pavimento do citado pavillón con ocasión da execución da obra indicada.

Dáse conta do informe do Negociado de Contratación e Patrimonio, no que se indica:

A interesada alega, en síntese o seguinte:

Feitos:

- Que foi adxudicataria do contrato de obra de substitución de material de cobertura no pavillón de Faxilde.
- Que como garantía constituíu unha garantía, mediante aval do Banco de Santander, por importe de 2.290,91 €.
- Que o prazo de garantía da obra era de un ano.
- Que a obra foi recibida de conformidade o 16/07/2020 e que o prazo de garantía da obra rematou o 16/07/2021
- Que con data 05/10/2021 (rematado xa o prazo de garantía da obra) solicitou a devolución do aval.
- Que, non obstante o anterior, o Concello de Vilagarcía de Arousa, non acordou a devolución do aval, senón a incoación do expediente para a incautación da garantía con data 15/11/2021, unha vez transcorrido do prazo de garantía.

Fundamentos de dereito:

- Inicio extemporáneo do expediente de incautación de garantía e obriga de devolución da garantía polo transcurso do prazo.

Indica que o acordo de incoación do expediente de incautación da garantía ten data 15/11/2021, posterior por tanto á data de finalización do prazo de garantía e á data de solicitude de devolución da garantía. Que o informe do técnico director da obra é de data 3/11/2021 (posterior á finalización do prazo de garantía). Que con data 16/07/2021, o Concello non contaba co informe do técnico director da obra nin iniciara o expediente para a incautación do aval e que conforme o art. 111 da Lei de contratos do sector público, transcorrido o prazo de garantía devolverase a garantía constituída. Finalmente indica que non consta no expediente ningún tip de resolución que permitira interromper o prazo de garantía.

- Falta de correspondencia dos supostos danos co obxecto da obra executada e falta de

acreditación dos danos imputables á execución da obra.

Sinala a sobre este particular que a cuberta do pavillón estaba en moi mal estado e que tiña buratos por onde se filtraba a auga e que ese sería (no seu caso) o motivo de deterioro da pista. Que, de xeito informal, en setembro de 2020, se puxo no seu coñecemento que o persoal encargado do mantemento do pavillón poñía de manifesto que había desperfectos na pista (unha arruga e algunha rotura), ao que respondeu que a pista xa presentaba desperfectos antes do inicio da obra. Sinala que a pista foi utilizada dende a recepción das obras e, por iso, os danos, se cabe, poderán ser polo seu uso e non cabe imputar a Degalle Construcciones unha responsabilidade por defectos na pista. Tamén indica que non hai unha clara relación de causalidade entre a execución da obra e os danos que pretende reclamar o Concello de Vilagarcía de Arousa.

- Mapfre como interesada.

Indica que Degalle Construcciones tratou de colaborar co Concello para aclarar a situación e que, incluso, puxo en coñecemento do Concello dos datos do seguro de responsabilidade civil que ten subscrito coa compañía Mapfre, indicando que debe considerarse á compañía Mapfre como interesada no expediente de incautación de garantía.

- Por último solicita que se archive o expediente de incautación de garantía e se devolva o aval por importe de 2.290, 91 €.

Fronte ós feitos e fundamentos de dereito alegados por Degalle Construcciones, S.A. cabe sinalar o seguinte:

1.- Alegación de inicio extemporáneo do expediente de incautación de garantía e obriga de devolución da garantía polo transcurso do prazo.

Sen prexuízo de que en setembro de 2020, como a empresa construtora recoñece, se puxera no seu coñecemento, de xeito informal, a existencia de desperfectos na pista do pavillón deportivo de Faxilde, con data 24/03/2021, o Sr. Arquitecto Municipal emitiu informe sobre a existencia de danos no pavimento do pavillón, no que indica que foron ocasionados porque o pavimento foi retirado para realizar a obra do tellado e ó volver a estiralo quedaron parafusos e restos de ferro que formaron pequenas protuberancias e ó pisar produciron os furos e deixárono moi deteriorado. Tendo en conta este informe, así como os outros que se citan no mesmo, o Concello realizou, con data 08/04/2021 (notificado o 12/04/2021), un primeiro requirimento á empresa Degalle Construcciones, S.A. para que reparara, no prazo de 15 días, os danos producidos no pavimento do pavillón de Faxilde a raíz da execución das obras. A citada empresa presentou alegacións con data 23/04/2021, que foron respondidas e rexeitadas con data 29/04/2021 (notificación de data 07/05/2021), efectuándose en dita resposta un novo requirimento para que reparara os danos ocasionados no pavimento do citado pavillón no prazo de 15 días.

Fronte a este segundo requirimento, a empresa Degalle volveu a formular alegacións con data 11 de maio de 2021, que foron respondidas e rexeitadas o 27/05/2021 (notificación de data 03/06/2021), efectuándose un novo requirimento (o terceiro) para que reparara os danos ocasionados no pavimento do citado pavillón no prazo de 15 días. Con fecha 17/06/2021, Degalle Construcciones comunica que conta cun seguro de responsabilidade civil e que dou conta do sinistro á compañía de seguros (Mapfre) e que o técnico de dita compañía necesita ver o pavimento para valorar os danos, polo que solicita unha visita de inspección que se fixa con data 21/06/2021. Segundo informa o director da obra e recoñece o contratista, a visita realizouse o 26/06/2021.

Nos requirimentos realizados advertíasele a Degalle construcciones que de non realizar os

traballos necesarios para reparar os danos causados na pista do pavillón de Faxilde procederíase a executar os mesmos subsidiariamente polo Concello con cargo á garantía depositada.

Transcorrido tempo máis que suficiente para que se repararan os desperfectos existentes na pista do pavillón sen que Degalle Construcciones os reparara, o Concello iniciou expediente para a incautación da garantía con data 15/11/2021.

De conformidade co disposto no art. 110 da LCSP, apartados c) e e) a garantía responde dos seguintes conceptos:

“c) De la correcta ejecución de las prestaciones contempladas en el contrato incluidas las mejoras que ofertadas por el contratista hayan sido aceptadas por el órgano de contratación, de los gastos originados a la Administración por la demora del contratista en el cumplimiento de sus obligaciones, y de los daños y perjuicios ocasionados a la misma con motivo de la ejecución del contrato o por su incumplimiento, cuando no proceda su resolución.

e) Además, en los contratos de obras, de servicios y de suministros, la garantía definitiva responderá de la inexistencia de vicios o defectos de los bienes construidos o suministrados o de los servicios prestados durante el plazo de garantía que se haya previsto en el contrato”.

Tamén debe terse presente que a cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a licitación indica que:

“Será de conta do contratista a responsabilidade derivada de tódolos danos, prexuízos e accións de calquera natureza que sexan ocasionados ó Concello ou a terceiras persoas pola súa persoa, a súa maquinaria ou como consecuencia dos traballos ou operacións que requira a execución da obra, agás que tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, sendo neste caso responsable dentro dos límites establecidos na Lei.

Esta responsabilidade non se extinguirá ata que expire o prazo de garantía da obra.”

O Art. 111 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP) indica, respecto á devolución e cancelación das garantías definitivas que:

“1. La garantía no será devuelta o cancelada hasta que se haya producido el vencimiento del plazo de garantía y cumplido satisfactoriamente el contrato de que se trate, o hasta que se declare la resolución de este sin culpa del contratista.

2. Aprobada la liquidación del contrato y transcurrido el plazo de garantía, si no resultaren responsabilidades se devolverá la garantía constituida o se cancelará el aval o seguro de caución.”

O curso do prazo de garantía da obra (1 ano) non opera automaticamente, senón que se interrompe cando se descubre un vicio ou defecto nela. No presente caso, o prazo de garantía interrompeuse cando o Concello requiriu á empresa contratista para que reparara os danos producidos na pista do pavillón de Faxilde antes indicados e que foron consecuencia da actuación da contratista durante a execución da obra de “Substitución de material de cobertura no pavillón de Faxilde”, como queda acreditado no expediente.

Dado que o contrato non se cumpríu satisfactoriamente porque o contratista non reparou os danos causados no pavimento con ocasión da execución do contrato de substitución de material de cobertura no pavillón de Faxilde, para o que foi requirido formalmente ata tres veces, a primeira o 12/04/202 (se ben a recorrente indica que no expediente non consta ningún tipo de resolución que permitira interromper o prazo de garantía, constan no expediente as alegacións presentadas contra os requirimentos realizados polo Concello), non procede devolver nin cancelar a garantía ata que se liquiden as responsabilidades a que está afecta -sendo iso precisamente o que se persigue coa incautación parcial da garantía-.

2.- Alegación de falta de correspondencia dos supostos danos co obxecto da obra executada e falta de acreditación dos danos imputables á execución da obra.

Sobre este particular debe terse en conta o deben terse en conta os seguintes informes:

- Informe do Sr. Arquitecto Municipal de data 24/03/2021 no que indica que foron ocasionados porque o pavimento foi retirado para realizar a obra do tellado e ó volver a estiralalo quedaron parafusos e restos de ferro que formaron pequenas protuberancias e ó pisar produciron os furos e deixárono moi deteriorado.

-Informe emitido polo director de obra, Sr. Lustres Carregal, o 03/11/2021, que indica o seguinte: “Una vez realizada el Acta de Recepción de la obra de referencia en julio de 2020, se detectaron una serie de incidencias en el pavimento de la pista del pabellón como consecuencia de las obras realizadas, emitiendo informe el arquitecto municipal en fecha 24/03/2021 en el que se indicaba que existían perforaciones y rasgaduras en el pavimento de la instalación, manteniendo una reunión con la empresa en el concello en fecha 15/06/2021, el arquitecto municipal y la dirección de obra.

Durante la obra, por parte de la empresa adjudicataria, fue retirada una pequeña parte del pavimento de la pista con la finalidad de usar las plataformas elevadoras, para ello por parte de los operarios de la empresa se enrolló aproximadamente entre una quinta y una cuarta parte de su longitud empezando por la parte en la que se ubican los vestuarios; dada la dificultad que suponía enrollar todo el pavimento, se decidió por parte de la empresa, emplear plataformas elevadoras que pudieran moverse sobre el pavimento de la pista sin dañarlo.

La obra se desarrolló empleando dos plataformas elevadoras que se movieron por toda la pista, zona de vestuarios y laterales exteriores del pabellón. El tramo de pavimento enrollado inicialmente se mantuvo enrollado durante toda la obra y una vez finalizada la obra fue estirado por los propios operarios de la empresa adjudicataria.

Posteriormente se observó que en la zona en la que se había enrollado el pavimento se apreciaban una serie de protuberancias en el pavimento de manera aleatoria, produciéndose en algunos de los puntos el desgarrado del pavimento; por ello se convoca una reunión con la empresa adjudicataria.

En fecha 26/06/2021 se realiza una visita al pabellón, asistiendo a la misma el arquitecto municipal, la dirección de obra, un representante de la Fundación Municipal de Deportes, los representantes de la empresa acompañados de un perito de su compañía de seguros, procediéndose, durante la visita, a levantar unas pequeñas zonas de pavimento que se había enrollado y comprobándose que bajo el pavimento existían restos metálicos procedentes de la obra consistentes principalmente en tornillería. Por lo tanto, por parte de los operarios no se procedió a una correcta limpieza de la base antes de desenrollar el pavimento, por lo que los restos metálicos existentes sobre la base impedían el correcto asiento de la superficie del pavimento sobre su base, produciendo su rotura.

Por parte de la dirección de obra, no se ha vuelto a tener noticias de la empresa adjudicataria.

A día de hoy el pavimento se encuentra sin reparar.”

- Informes, de data 05/03/2021, dos operarios conserxes encargados do pavillón de Faxilde e do encargado de mantemento das instalacións deportivas nos que declaran que a pista estaba en boas condicións antes do inicio das obras da cuberta (13/03/2020).

- In informe, de data 05/03/2021, do director do Colexio Público de Faxilde, xa que o pavillón está dentro do seu recinto e se usa polos alumnos no horario lectivo, no que destaca que o 13 de marzo de 2020, (último día que se usou antes de empezar as obras) a superficie de xogo estaba en perfecto estado de uso e sen protuberancias nin roturas.

Doutra banda, Degalle Construcciones recoñeceu nas alegacións presentadas neste Concello con data 21/12/2021, que recolleu unha parte da pista para executar a obra de substitución de material de cobertura do pavillón de Faxilde.



Esa parte da pista/pavimento que a recorrente di ter recollido, é precisamente a que presenta danos (pequenas protuberancias que ó pisar produciron os furos e deixárono moi deteriorado).

Á vista dos informes citados no presente informe e que obran no expediente, acredítase que:

- Os danos existentes na zona da pista do pavillón de Faxilde que foi enrolada por traballadores da empresa Degalle Construcciones, S.A. con ocasión da execución das obras de “Substitución de material de cobertura no pavillón de Faxilde” NON existían antes do inicio das citadas obras.

- Os danos existentes na zona da pista do pavillón de Faxilde a que se refire o punto anterior foron provocados pola actuación da empresa Degalle (os seus traballadores non limparon axeitadamente a base antes de desenrolar o pavimento, polo que os restos metálicos existentes sobre a base (restos metálicos procedentes da obra, principalmente tornillería) impedían o correcto asentamento da superficie do pavimento sobre a súa base, producindo a súa rotura).

- Existe, polo tanto, unha clara relación de causalidade entre a actuación de Degalle Construcciones, S.A. e os danos existentes na zona de pista do pavillón que foi enrolada e desenrolada polos traballadores da empresa Degalle con ocasión da execución das obras de “Substitución de material de cobertura no pavillón de Faxilde” .

3.- Alegación de considerar á compañía Mapfre como interesada no expediente.

Contra o acordo de incoación do expediente para a incautación parcial da garantía por importe de 1.929,95 €, douse audiencia a Degalle Construcciones, S.A., que presentou alegacións con data 21/12/2021, e ao Banco Santander, S.A. (sucursal 7826, situada na R/ Castela, 23. O Grove –Pontevedra-), que non presentou alegacións.

Non procede, a xuízo da que subscribe, considerar parte no procedemento de incautación da garantía (depositada mediante aval bancario) á compañía de seguros Mapfre, toda vez que o art. 112 da Lei 9/2017, de contratos do Sector Público, relativo ó réxime das garantías prestadas por terceiros, indica no seu apartado 2 que “el avalista o asegurador será considerado parte interesada en los procedimientos que afecten a la garantía prestada...”, e a garantía no foi prestada pola compañía de seguros Mapfre, senón polo Banco de Santander.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o recurso de reposición presentado por Degalle Construcciones SA contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/01/2022 polo que se acordou incautar parcialmente a garantía definitiva depositada por Degalle Construcciones, S.A. para responder da execución da obra denominada “Substitución de material de cobertura no pavillón de Faxilde”, por importe de 1.929,95 €, para responder dos danos ocasionados no pavimento do citado pavillón con ocasión da execución da obra indicada.

### **PRP2022/0899**

Dáse conta de escrito de D. Luís Ramón Rey Buezas, con enderezo en rúa Bouza de Arriba, 2, Vilaxoán, no que reclama danos ocasionados no seu domicilio con motivo, segundo sinala, da retirada do alumeado de Nadal por parte da empresa contratada polo Concello (Iluminaciones Santiguesas, S.L.)

Dáse conta do informe do Servizo de Alumeado Público, no que se indica:

- Con data 31/01/2022, ás 11:02:39 horas, D. Luís Ramón Rey Buezas presente no Rexistro Xeral do Concello escrito no que solicita que o Concello se faga cargo dos danos ocasionados no seu domicilio a consecuencia de subidas e baixadas de tensión provocadas pola retirada, o día 24/01/2022, do alumeado de Nadal na praza do Eirado (Vilaxoán), por parte da empresa contratada polo Concello (Iluminaciones Santiaguesas, S.L.).

- Con data 07/02/2022, presenta escrito no que indica:

- Que o que subscribe estivo examinando a posible avaría que denuncia na praza do Eirado, o día 04/02/2022.
- Que outros veciños sufriron danos nas súas vivendas a consecuencia das subidas e baixadas de tensión que o interesado denuncia e que se produciron o 24/01/2022.
- Que chamou á empresa Unión Fenosa/unidade de avarías e urxencias ás 13:20 horas do 31/01/2022 e que se persoaron no seu domicilio ás 20:25 horas do citado día. Que a avaría xa fora reparada por un electricista contratado polo interesado (Sr. Rey Buezas), polo que a unidade de reparacións de Fenosa/Elecnor confirmou a reparación (segundo manifesta o interesado).
- Achega sinaturas dos veciños presuntamente afectados

- Con data 03/03/2022, o Sr. Rey Buezas presenta informes de taxación, asinados por el mesmo, relativos aos danos presuntamente sufridos polos veciños.

Solicitado informe á empresa Elecnor en relación coa actuación do 31/01/2022, a que fai referencia o Sr. Rey Buezas, a citada empresa indica que o aviso produciuse ás 18:14 do 31/01/22 (e non ás 13:20 como indica o interesado) e non realizou reparación algunha, que o que se apreciou era que a caixa de empalmes do alumeado público estaba solta da fachada da casa situada en R/ Bouza de Arriba, 2; dita caixa de empalmes non ten nada que ver co subministro eléctrico á vivenda do Sr. Rey Buezas. Asemade indica que non existen danos nas instalacións de Unión Fenosa Distribución causados por un terceiro e que o neutro non está cortado. O que subscribe púxose en contacto co operario de Elecnor que acudiu o día 31/01/2022 a realizar o servizo solicitado polo Sr. Rey Buezas, manifestando aquel que non fixo ningún tipo de reparación nin actuación porque non detectou ningunha anomalía na liña de Unión Fenosa Distribución.

Asemade, solicitouse informe á empresa Iluminaciones Santiaguesas, S.L., indicando esta que os enganches do alumeado de Nadal da R/ Bouza de Arriba non se realizaron na caixa de conexións situada no número 2 de dita rúa e que sempre realizou os enganches noutra liña situada na beirarrúa de enfrente, polo que as supostas anomalías e danos non teñen nada que ver coas actuacións e traballos realizados por Iluminaciones Santiaguesas, S.L. (acheга fotografías sobre o particular).

Tendo en conta o anteriormente exposto, conclúese que a presunta subida/baixada de tensión que sinala o Sr. Buezas, non puido deberse á desconexión do alumeado de Nadal, polo que non existe relación de causa-efecto entre a retirada do alumeado de Nadal e os danos que presuntamente sufriu o Sr. Rey Buezas no seu domicilio,

A Xunta de Goberno Local acorda desestimar a reclamación presentada en base ao indicado no informe do Servizo de Alumeado Público.

### **PRP2022/0900**

Dáse conta de comunicación de Calixto Escariz, S.L.U. (nº de rexistro WEB2022000671, de data 01/02/2022) de escisión total da sociedade “Calixto Escariz, SLU” mediante a que traspasou todo o seu patrimonio a dúas sociedades de nova creación: OLICA 2010, S.L.U e CALIXTO ESCARIZ, S.L.U (con CIF B67974576), adoptando esta última a denominación social da escindida, adquirindo a título de sucesión universal todos os elementos do activo e pasivo traspasados da sociedade escindida e pasando a subrogarse nas relacións contractuais que a sociedade escindida ten co Concello de Vilagarcía de Arousa.

Os acordos de escisión, foron elevados a escritura pública con data 23/12/2021 ante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez, baixo el número 3.814 de su protocolo, e xurdiron efectos a

partir a súa inscrición no Rexistro Mercantil, a cal tivo lugar o 31/01/2022.

Dáse conta do informe do Departamento de Contratación, seguinte:

INFORME: A Xunta de Goberno Local en sesión de data 20/02/2020 acordou adxudicar á entidade Calixto Escariz, SLU, con CIF: B36980753, o contrato de servizos denominado SERVICIO DE ASISTENCIA XURÍDICA EN MATERIA DE URBANISMO polo prezo de 56.991,00 € (IVE incluído) e que inclúe unha prestación do servizo de forma presencial nas dependencias do concello de 2 días á semana en horario de 08:00 a 15:00 horas.

O contrato ten unha duración de 3 anos, contados dende o 1 de abril de 2020.

Requirida a mercantil Calixto Escariz, S.L.U. para que acreditara os extremos sinalados na súa comunicación, esta presentou con data 14/03/2022: copia da escritura pública de data 23/12/2021, de constitución de sociedade por escisión total; copia do CIF da entidade e certificado de titularidade de conta bancaria.

Con data 18/03/2022, presentou certificacións acreditativas de atoparse ó corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa seguridade social, alta no IAE e declaración de non atoparse incurso en prohibicións de contratar.

A citada escritura de constitución de sociedade por escisión total, sinala que Calixto Escariz, SLU, con CIF: B36980753, se escinde totalmente mediante a súa disolución sen liquidación e traspaso do seu patrimonio por sucesión universal ás dúas novas sociedades (OLICA 2010, S.L.U e CALIXTO ESCARIZ, S.L.U, esta última con CIF B67974576 e coa mesma denominación que a escindida). Respecto á mercantil resultante da escisión CALIXTO ESCARIZ, S.L.U. (CIF B67974576), contéplanse na escritura os seus estatutos, nos que se reflexa o seu obxecto social (a asesoría e consultoría xurídica en xeral e, en particular, expropiacións, planeamentos e xestión urbanística ...), capital social e administrador único (D. Calixto Escariz Vázquez). Asemade indica que os elementos do activo da sociedade escindida que se traspasan en bloque ás sociedades beneficiarias son para a mercantil Calixto Escariz, S.L.U., resultante de escisión: os activos e pasivos da sociedade escindida afectos á actividade económica de asesoría e consultoría xurídica en xeral e, en particular expropiacións, planeamentos e xestión urbanística , incluíndo a execución de actividades de servizos técnicos de arquitectura e enxeñería así como a confección e elaboración de planeamentos e outras actuacións relacionadas co asesoramento técnico. (no anexo IV inclúe os detalle dos activos e pasivos traspasados, sendo o valor real dos elementos que se transmiten (patrimonio neto) 120.795,54 €.

O artigo 98 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece que:

“En los casos de fusión de empresas en los que participe la sociedad contratista, continuará el contrato vigente con la entidad absorbente o con la resultante de la fusión, que quedará subrogada en todos los derechos y obligaciones dimanantes del mismo. Igualmente, en los supuestos de escisión, aportación o transmisión de empresas o ramas de actividad de las mismas, continuará el contrato con la entidad a la que se atribuya el contrato, que quedará subrogada en los derechos y obligaciones dimanantes del mismo, siempre que reúna las condiciones de capacidad, ausencia de prohibición de contratar, y la solvencia exigida al acordarse al adjudicación o que las diversas sociedades beneficiarias de las mencionadas operaciones y, en caso de subsistir, la sociedad de la que provengan el patrimonio, empresas o ramas segregadas, se responsabilicen solidariamente con aquellas de la ejecución del contrato. Si no pudiese producirse la subrogación por no reunir la entidad a la que se atribuya el contrato las condiciones de solvencia necesarias se resolverá el contrato, considerándose a todos los efectos como un supuesto de resolución por culpa del adjudicatario.”.

En canto á solvencia técnica da sociedade Calixto Escariz, S.L.U. resultante da escisión, debe terse en conta que dita entidade é parte da sociedade escindida e herdeira a título universal da

mesma na rama de actividade relativa á asesoría e consultoría xurídica en xeral e, en particular expropiacións, planeamentos e xestión urbanística, etc., polo que a solvencia técnica acreditada pola sociedade escindida no seu día é tamén a da nova sociedade beneficiara da escisión.

En canto a solvencia económica a sociedade Calixto Escariz, S.L.U, beneficiaria da escisión, cumpre os requisitos de solvencia económica esixidos para a adxudicación do contrato, segundo se desprende da escritura pública achegada (o patrimonio neto da sociedade beneficiaria da escisión ascende a 120.795,54 € e o esixido no PCAP que rexou a licitación a 9.661,15 €).

Constan no expediente:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar nin a sociedade nin o seu administrador
- Declaración censal de alta no IAE.
- Certificados de atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias, coa seguridade social e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

En canto á garantía depositada par asegurar o cumprimento do contrato, á vista da escritura pública de constitución de sociedade por escisión total achegada, enténdese que se traspasou á nova sociedade Calixto Escariz, S.L.U, beneficiaria da escisión, toda vez que esta adquiriu os activos e pasivos da sociedade escindida afectos á actividade económica de asesoría e consultoría xurídica en xeral.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sucesión de Calixto Escariz, S.L.U. con CIF B36980753 (sociedade escindida) pola sociedade Calixto Escariz, S.L.U. con CIF B67974576, no contrato de servizos denominado SERVIZO DE ASISTENCIA XURÍDICA EN MATERIA DE URBANISMO .

#### **PRP2022/0925**

Dáse conta de resolución da Deputación Provincial de Pontevedra pola que se concede ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención, por importe de 43.334,83 € con destino ao financiamento do investimento "Substitución de cobertura no graderío do Campo de Fútbol de Vilaxoán", cun orzamento por importe de 43.334,83 € con cargo ao Plan Concellos 2022-2023 (Liña 1) (Anualidade 2022).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

#### **PRP2022/0915**

Visto o expediente de gasto INT/2022/113 integrado polo xustificante de gasto Nº KM22 0076 (REX. 2022/1692) de Kaeme Consultoría y Prevención, S.L., por importe de 900,00 €, consistente no servizo de "IMPARTICIÓN DUN PROGRAMA FORMATIVO DE INICIACIÓN Á INFORMÁTICA E INTERNET PARA ADULTOS".

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecemento de Obriga para o xustificante de gasto Nº KM22 0076 (REX. 2022/1692) de Kaeme Consultoría y Prevención, S.L., por importe de 900,00 €, consistente no servizo de "IMPARTICIÓN DUN PROGRAMA FORMATIVO DE INICIACIÓN Á INFORMÁTICA E INTERNET PARA ADULTOS"co seguinte desglose:

REG.	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe	Progr.	Econ.	Nombre	Texto Explicativo
------	-----------------	------------	---------	--------	-------	--------	-------------------

F/2022/ 1692	KM22 0076	15/03/2 022	900	241	22799	KAEME CONSULT. Y PREVENC., S.L	CURSOS AULA CEMIT MARZO 2022 / Iniciación á Informática e Internet para Adultos 30 horas
-----------------	-----------	----------------	-----	-----	-------	-----------------------------------	--

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:40 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.